

ACTIVIDADES CONCERTADAS COS CENTROS DE ENSINO. DE LUNS A VENRES DE 09:30 A 14:00 HORAS.

LUNS 24, 3º EP

ARTE CON BACTERIAS. Vermislab

As bacterias forman parte da nosa vida, témolas por todas partes tanto fóra como dentro do noso organismo. Neste obradoiro, nenas e nenos crearán de xeito artístico a súa propia mostra imitando o comportamento e crecemento das bacterias.

SE EU FOSE UN VERSO. Antón Cortizas, escritor

Obradoiro no que intentaremos asomarnos á beleza das palabras a través da poesía e dos sentimentos, imaxinando versos que nos definen, versos que somos nós, nós que queremos (e deberíamos) ser poesía.

TRALA PORTA. Laura Tova e Alexandra Martínez, ilustradora e artista multidisciplinar

Tras a porta de cada casa, atopamos un universo distinto onde está reflectido cada parte do noso ser e de onde agroman todas as nosas palabras, emocións e accións. Dentro de nós está a semente de onde fomos plantados: o noso fogar.

MARTES 25, 1º / 2º EP

RUBICUNDO. (Adaptación da obra de María Canosa). Ghazafellos Teatro

Un espectáculo na liña de Ghazafellos, na que dende o humor, o clown e nesta ocasión tamén coa música e o baile nos contarán unha fermosa historia sobre a amizade.

MÉRCORES 26, EDUCACIÓN INFANTIL

MÚSICA E IMAXINACIÓN. Odaiko

Espectáculo escénico-musical no que a imaxinación, o humor e a creatividade son os protagonistas. As invencións instrumentais marcarán o ritmo da actividade.

XOVES 27, 5º EP

1, 2, 3 ESTA HISTORIA ESTÁ DO REVÉS! Eli Ríos, escritora

Que acontece se lle damos a volta aos contos? Caerán polo universo e perderémolos? Ou deixarán de ter sentido? Escribiremos moreas de contos e historias do dereito e do revés! Contamos contigo!

CIENCIA OU MAXIA? Ceo Aberto

Obradoiro no que, mediante un conxunto de experiencias 'máxicas', introducíremonos no fascinante mundo da ciencia, formulando hipóteses e chegando a conclusións seguindo o método científico.



A NOITE DA VISITA E OUTROS CONTOS. Soledad Felloza, contacontos e actriz

Contos que acontecen nos cruceiros dos camiños, na porta da túa casa, no alto dos montes ou nas profundidades do mar. Cando o corvo Graio canta, unha terra sumerxida nas augas da lagoa máis escura, vólvese verde e acontece a batalla entre os guerreiros máis poderosos. Só tes que escoller ben.

VENRES 28, 3º e 5º EP

LUCES DA MIÑA CIDADE. Ceo Aberto

De forma case máxica, aprenderemos sobre a luz e as cidades mentres xogamos. Imos construír unha cidade con plastilina condutiva. Este material permite que os nosos edificios incorporen luces e elementos eléctricos simplemente poñéndoos en contacto coa plastilina

DEBUXANDO O MUNDO QUE QUEREMOS. María Lires, ilustradora

Construiremos unha grande ilustración comunal deixando voar a imaxinación e a creatividade. Con lapis e papel, neste obradoiro, nenas e nenos debuxarán e encherán de cores o mundo desexado.

OBRADOIRO DE MAXIA. Mago Marco

Trata de ser unha Escola de Maxia como a de Harry Potter, para estimular a fantasía e a imaxinación, a maxia como excusa para aprender. Co ilusionista Marco, fabricaremos os nosos propios artuluxios máxicos. Tan só fai falla un requisito: "Querer pasalo ben"



PREMIO AO MELLOR TRABALLO REALIZADO
POLO ALUMNADO DOS CENTROS DE
ENSINO QUE PARTICIPAN NA
SEMANA DO LIBRO E A LECTURA



TARDES DE CONTOS E MAXIA

De luns a venres ás 18:30 horas.

LUNS 24

CONTOS E LERIAS, Daboapipa (Vero Rilo)

Contos que alimentan, cos medramos e aprendemos a pasar pola vida. Esas historias de avós e avoas, sempre presentes, para pacientes, para impacientes, para o demo, para tremer de medo, para o mal tempo boa cara e para amarse e durmir quentiños

MARTES 25

CAMIÑANDO ENTRE ESTRELAS. Ghazafellos Teatro

Viaxaremos con Pepablo Patinho polo medio do cosmos acompañados das personaxes dos seus contos: 'O saltón astronauta' e '...3,2,1'.

MÉRCORES 26

BAILAR NAS NUBES. Soledad Felloza, contacontos e actriz

Unha nena soña con bailar coas nubes, pero a súa casa está pegadiña á terra e moi lonxe do ceo! Só a axuda de novos vecinos fará que o soño sexa unha realidade. Veciños chegados de terras afastadas, co corazón ferido, o namorado..., abrirán as mans e as nubes, bailarán con todos.

XOVES 27

UN MUNDO REDONDO PARA CONTAR CONTOS. Andrea Bayer (Baobab Teatro)

Andrea ea, ea, ea será quen de levarnos de viaxe sen movernos do sitio a lugares afastados. Contos de aquí e de máis alá, historias de animais pequenos con grandes desexos, contos de viaxes sen equipaxes.

VENRES 28, ACTO DE CLAUSURA

MAXIA PARA SOÑAR. Mago Marco

É un espectáculo sorprendente, para gozar en Familia, onde o Ilusionista Mago Marco propón unha Viaxe de Soño e Ilusións envolvidas nun Misterio.

